

Estimados pais/nais de alumnos/as:

A Consellería de Educación, na Orde do 27 de abril de 2016 (DOG 16 de maio) regula as distintas modalidades de axuda para libros de texto e material escolar para o vindeiro curso.

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO:

- Alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria e 1º e 3º de educación secundaria.
- A asignación de lotes de libros farase por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar, segundo se cita no artigo 2 da normativa citada anteriormente (prioridade rendas baixas).
- No caso de discapacidade igual ou superior ao 65% teñen directamente dereito ao fondo de libros.
- Exercicio fiscal de referencia: **2014**
- Situación familiar de referencia: **31 de decembro de 2014**
- **Prazo de entrega de solicitudes: ata 23 de xuño**

Documentación:

- Entregar unha solicitude **única** para todos os fillos. Presentala en papel. Na secretaría do centro están a súa disposición. HORARIO DE RECOLLIDA E ENTREGA DE 09:40 a 11:40 todos os días.
- Acreditación da identidade de todos os membros computables. Autorización da consulta telemática e senón fotocopia do DNI de todos os integrantes da unidade familiar.
- Acreditación de membros computables da unidade familiar. Fotocopia do libro de familia. No caso de que non reflecta a situación a 31 de decembro de 2014, certificado de convivencia, sentenza xudicial, etc (artigo 174 apartado b).
- Certificación do grao de discapacidade.
- Renda familiar. Autorización da consulta telemática, senón copia da declaración do imposto sobre a renda do exercicio 2014.

Obrigas:

- **Devolver os libros actuais en bo estado antes do 23 de xuño (tanto os que neste curso teñen os libros en calidade de préstamo (3º e 5º), como os libros comprados co cheque de axuda de libros (4º e 6º)),** salvo alumnado de 1º e 2º de primaria.
- Compromiso de conservación en bo estado dos fondos a recibir e de devolución ao remate do próximo curso.

AXUDAS MATERIAL ESCOLAR:

- A contía da axuda para adquirir material escolar para alumnado de primaria, secundaria, e educación especial con renda per cápita familiar inferior a 5.400 € ou discapacidade igual ou superior ao 65€ será de 50€.
- **Prazo de presentación de solicitudes ata o 23 de xuño.**
- Compromiso: destinar o importe do vale para materia a adquirir o material escolar que necesite.

PRAZOS (para todas as axudas):

- Presentación de solicitudes: ata o 23 de xuño.
- Publicación listado provisional: 4 de xullo.
- Reclamacións: 5 e 6 de xullo
- Publicación listado definitivo: 8 de xullo.

Prado, 19 de maio de 2016

Asdo: Manuel Valiño Ron
Director Ceip Xoaquín Loriga

Estimados pais/nais de alumnos/as:

A Consellería de Educación, na Orde do 27 de abril de 2016 (DOG 16 de maio) regula as distintas modalidades de axuda para libros de texto e material escolar para ovindeiro curso.

AXUDAS LIBROS DE TEXTO:

- Alumnado de 1º e 2º de educación primaria.
- Renda per cápita menor de 5.400€ axuda de 170€. Renda per cápita entre 5.400-9.000€, axuda de 90€. Discapacidade superior ao 65% 250€.
- Exercicio fiscal de referencia: 2014
- Situación familiar de referencia: 31 de decembro de 2014
- Prazo de entrega de solicitudes: ata 23 de xuño

Documentación:

- Entregar unha solicitude **única** para todos os fillos. Presentala en papel. Na secretaría do centro están a súa disposición. HORARIO DE RECOLLIDA E ENTREGA DE 09:40 a 11:40 todos os días.
- Acreditación da identidade de todos os membros computables. Autorización da consulta telemática e senón fotocopia do DNI de todos os integrantes da unidade familiar.
- Acreditación de membros computables da unidade familiar. Fotocopia do libro de familia. No caso de que non reflecta a situación a 31 de decembro de 2014, certificado de convivencia, sentenza xudicial, etc (artigo 174 apartado b).
- Certificación do grao de discapacidade.
- Renda familiar. Autorización da consulta telemática, senón copia da declaración do imposto sobre a renda do exercicio 2014.

AXUDAS MATERIAL ESCOLAR:

- A contía da axuda para adquirir material escolar para alumnado de primaria, secundaria, e educación especial con renda per cápita familiar inferior a 5.400 € ou con discapacidade igual ou superior ao 65% será de 50€.
- **Prazo de presentación de solicitudes ata o 23 de xuño.**
- Compromiso: destinar o importe do vale para materia a adquirir o material escolar que necesite.

PRAZOS (para todas as axudas):

- Presentación de solicitudes: ata o 23 de xuño.
- Publicación listado provisional: 4 de xullo.
- Reclamacións: 5 e 6 de xullo
- Publicación listado definitivo: 8 de xullo.

Prado, 19 de maio de 2016

Asdo: Manuel Valiño Ron
Director Ceip Xoaquín Loriga